



ACTA DE APERTURA DE DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA PARA A CONTRATACION POR PROCESO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO SERVIZO DE SOCORRISMO NAS PISCINAS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DO CONCELLO DE OURENSE.

Presidente:

José Mario Guede Fernández

Vogais

Gonzalo Alonso Alvarez

José Mauel da-Cunha Babarro

Domingo Castro Sotelo

Secretario

Cándido Gómez Vázquez.

En Ourense as 13:45 horas do día 29 de Abril de 2016, reúnese a mesa de contratación para realizar apertura de ofertas segundo o disposto no prego de cláusulas administrativas, en relación co PROCESO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO SERVIZO DE SOCORRISMO NAS PISCINAS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DO CONCELLO DE OURENSE, coa asistencia dos señores citados anteriormente.

Asisten en representación de Saudeter S.L. D. Borja Quintas Vila (DNI 44487866R) e en representación do Grupo Móvete D. Ignacio Pérez Ribao (DNI 444525220Y.)

O Presidente da conta da presentación das seguintes proposicións:

Nº orden	ENTIDADE	CIF
1	AP 10 S.L.	B93303568
2	EULEN SPORT	A28517308
3	SAUDETER S.L.U.	B32421752
4	Servicios y Socorrismo Mundial S.L.	B93112605
5	Grupo Móvete	4445250Y
6	Proidman S.L.	B13510946

A continuación procédese a apertura das ofertas constatando en un principio que as ofertas presentadas se axustan as condicións estipuladas nas bases no que respecta o número de sobres e forma de Concello Municipal de Deportes de Ourense, C/ Pardo Cela 2, 32003-Ourense. Tlf.-988370539. (www.deportesourense.com)



Concello de
OURENSE

Deportes



presentación, advertindo a mesa aos presentes que con posterioridade a apertura se analizará o contido dos sobres e se requirirá a documentación incompleta a quen fora preciso dos sobres 1 e 2.

Procédese a apertura do sobre nº 3 das OFERTAS ECONOMICAS e se recollen as seguintes ofertas económicas :

Nº orden	ENTIDADE	CIF	Oferta Económica.
1	AP 10 S.L.	B93303568	7,904 + IVE
2	EULEN SPORT	A28517308	10, 25 + IVE
3	SAUDETER S.L.U.	B32421752	9,83 + IVE
4	Servicios y Socorrismo Mundial S.L.	B93112605	8,52 +IVE
5	Grupo Móvete	4445250Y	9,95 + IVE
6	Proidman S.L.	B13510946	9,74 + IVE

O Presidente dille aos asistentes si queren manifestar algo sobre o procedemento. O representante do Grupo Móvete quere poñer de manifesto que as ofertas presentadas polas empresas AP10 e Servicios y Socorrismo Mundial S.L non cumpren co estipulado no convenio Colectivo de instalacións deportivas e ximnasios da comunidade Autónoma de Galicia que debe ser a referencia segundo o estipulado na cláusula terceira das bases.

Examinada a documentación aportada polos licitadores no sobre nº 1, e conforme o prego de cláusulas administrativas aprobadas, todos os licitadores presentan debidamente cumprimentado o anexo II polo que deben declararse admitidos inicialmente a todos os licitadores, aínda que posteriormente se lles poida requirir a documentación que se vote en falla ou defectos a subsanar na documentación presentada.

No que respecto o sobre nº 2, todos os licitadores presentan unha memoria técnica axeitada o requirido no prego administrativo.

No que respecto ao sobre nº 3, a empresa Proxectos e instalacións Deportivas de la Mancha S.L., (Proidman S.L.) manifesta na súa oferta que non está disposta a asumir o convenio Colectivo de instalacións deportivas e ximnasios da comunidade Autónoma de Galicia e que a súa oferta se basa no III Convenio Colectivo de instalacións deportivas e ximnasios a nivel Estatal.

Segundo o estipulado no prego procédese a ordenación de crecente das ofertas quedando no seguinte orden:

Nº orden	ENTIDADE	CIF	Oferta Económica.
1	AP 10 S.L.	B93303568	7,904 + IVE



Concello de
OURENSE

Deportes



2	Servicios y Socorrismo Mundial S.L.	B93112605	8,52 +IVE
3	Proidman S.L.	B13510946	9,74 + IVE
4	SAUDETER S.L.U.	B32421752	9,83 + IVE
5	Grupo Móvete	4445250Y	9,95 + IVE
6	EULEN SPORT	A28517308	10,25 + IVE

Do análises das propostas presentadas a mesa advirte que as ofertas presentadas polas empresas AP 10 S.L. e a empresa Servizos y Socorrismo Mundial S.L., presentan unhos valores desproporcionados con respecto da media das ofertas presentadas, polo que segundo o recollido no artigo 152 do Real decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de Novembro, deben considerarse desproporcionadas ou anormais.

A mesa acorda, dar trámite de audiencia as empresas AP 10 S.L. e a Servizos y Socorrismo Mundial S.L., para que xustifiquen a valoración da oferta e precise as condicións de prestación' do servizo xunto cos motivos que xustifiquen dita baixa, por un prazo de 3 días hábiles.

Por último a Presidencia declara finalizado o acto, sendo as catorce horas do día indicado, levantándose esta acta que se asina no lugar e data ó comezo indicados.

Presidente

Asdo.- José Mario Guede Fernández

Secretario

Asdo.- Cándido Gómez Vázquez.

Interventor

Asdo.- Gonzalo Alonso Alvarez



Vogais

Representante do Consello Reitor

Asdo.- Domingo Castro Sotelo

Secretario do CMD

Asdo.- José Manuel da-Cunha Babarro